



FICHA DE PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN

Outubro 2018

| | |
|------------------------------------|--|
| Clave: | PEP-03 |
| Nome: | Plan Especial de Protección de Paredes |
| Superficie (m²): | 146.592,04 |

Descrición:

Plan para a protección e posta en valor da Área de Recualificación (AR) do Esteiro do Ulló localizada na zona sueste do núcleo de Paredes, delimitada seguindo o disposto no Plan de Ordenación do Litoral.

Criterios:

- En tanto non se aprobe o correspondente plan especial de protección serán de aplicación aquelas medidas transitorias que se recollan na normativa urbanística do plan para o ámbito.
- Preservarase na medida do posible o arboredo autóctono existente e favorecerase a plantación do mesmo nas novas actuacións a realizar. Ao mesmo tempo pularase o mantemento dos corredores ecolóxicos existentes e o mantemento da calidade das augas tanto superficiais como soterradas ou mariñas.
- Preservaranse e poranse en valor os elementos con valor patrimonial existentes no ámbito.
- Coidarase a ordenación das zonas con fortes pendentes pondo especial atención a aqueles elementos construtivos que podan resultar discordantes coa imaxe do conxunto en razón do seu volume, forma, acabados, etc.
- Porase especial atención en resolver adecuadamente os espazos de transición entre as zonas máis densas do núcleo e as zonas de solo rústico e costeiras existentes adxacentes a elas.
- Dada a fragilidade paisaxística da área onde se localiza o ámbito, estudarase a posibilidade de eliminar elementos discordantes existentes así como o tratamento e transicións en todo o borde costeiro poñendo especial coidado en resolver as zonas vacantes aínda existentes entre o núcleo e o borde litoral, nomeadamente na contorna da praia de Paredes.